

Tic-Tac, de Suso de Toro
Ao compás
da soedade radical do ser humano

Por Anxo Tarrío Varela

Basilio Losada di que *Tic-Tac* (1993) "é a novela máis revolucionaria, máis ambiciosa, máis intelixente de cantas en Galicia se levan feito nas últimas décadas, e poida que a máis impresionante escrita nunca na nosa lingua". Quizais o profesor galego ubicado en Barcelona esaxere unha miga, levado polo entusiasmo, pero o certo é que estamos diante dun texto para reflexionar abondo, cruzado como está por unha rede de referencias culturais, científicas, míticas e literarias entreveradas nel, sen pedantería nin fachenda, ou cunha pedantería e fachenda diferentes, que nunca se sabe, tratándose de artistas.

Para o meu modo de ver, Suso de Toro pretendeu, e conseguiu, levantar acta non só da realidade que dende hai xa algúns lustros nos rodea e que non daba atopado a voz épica correspondente, por máis que o propio autor estivese a facerlle as beirás, xa hai tempo, con títulos como *Caixón desastre* (1984) ou *Polaroid* (1986), senón tamén da realidade profunda do home de calquera tempo e lugar, sempre condicionado polo nacemento, o sexo, a familia, o paso irreversible do tempo, os traumas infantís, o azar, e tantas e tantas cousas que se lle interpoñen ao longo da vida, incluídos os deuses herdados.

De Toro dialoga, a través da ironía e do humor, pero tamén dende unha consideración profunda da indixencia humana, é dicir, a través da tenrura explícita ou disfrazada, cos textos, mitos ou mesmo crenzas populares que raiaron co seu peso específico a cultura occidental, dende Homero e a Biblia ata o cómic ou a canción pop-rock, pasando pola mitoloxía greco-romana, os evanxeos, Shakespeare, Joyce, a psicoanálise, os contos indoeuropeos de tradición oral e un longo etcétera de alusións non sempre doadas de desvelar. Ademais, incorpora múltiples acenos que, en complicidade co lector, actualizan variantes da paremioloxía, de orixe borrosa, ás veces, refráns e máximas ou moralexas de uso corrente e automático que encerran verdades aínda vixentes, unhas veces, ou xa caducas, noutras ocasións.

Con seguridade, *Tic-Tac*, que non é unha historia "bonita", vai levantar máis dunha voz irada pola súa aparencia blasfema e irreverente, cando o certo é que estamos diante dunha novela que tenta de remover os pousos encorados das relixións e crenzas occidentais mediante un berro de rebelión teolóxica que non deixa de estar cargado, el mesmo, de relixiosidade profunda e de amor á especie humana.

O século XX ensinounos a valorar as pezas de arte, non só polo valor intrínseco da nobreza dos materiais utilizados, senón tamén polo xeito con que están ao servizo da expresión estética. E con esta nova mirada, certos materiais considerados innobres, mesmo a chatarra ou o refugallo, puideron incorporarse de pleno dereito aos *collages* pictóricos, escultóricos ou arquitectónicos. Pois ben, Suso de Toro ten o mérito de ensaiar isto mesmo en literatura, renunciando á utilización exclusiva da linguaxe tradicionalmente considerada como nobre, elevada e bela e deixando paso tamén ás posibilidades expresivas do que poderíamos chamar chatarra, lixo ou refugallo lingüístico.

Certamente, a aposta por poñer en funcionamento esta linguaxe baixa e humilde, que xa lle valera a Blanco-Amor máis dun disgusto, supón uns riscos grandes que con seguridade decantarán en incompreensións varias e que terá que afrontar o noso escritor. Pero aí radica moito da súa grandeza, pois sabemos que se trata dun esforzo por ensaiar e procurar novas formas de expresión, novas poéticas coas que expresar a situación do home occidental no seo dunha sociedade deshumanizada, monstrosa, en grande medida, que agocha moito sufrimento, moita inxustiza e moita tristeza anónima.

Novela, xa que logo, pouco convencional, que cómpre ler con toda atención, por canto nela se vehiculan moitos dos desacougos e miserias do home, confesados ou non, pero sobre todo na que se fai aboiar dun xeito descarnado e mesmo brutal o desamparo, a incomunicación e a soedade radical que definen, no fondo, a condición humana.

O Correo Galego, 15-xuño-1993